

Exercicio PAU: redacción de artigo divulgativo (máximo 400 palabras)

Tema 6. O Barroco en Europa. Pintura.

Especifíquense as características da pintura barroca en Europa, con especial atención a Italia, e explíquese a súa evolución. Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Caravaggio, A. Carracci, G. B. Gaulli, Artemisia Gentileschi, Rubens, Rembrandt.

O Barroco é un estilo que se xesta no século XVI, pero ten o seu esplendor no século XVII. Nace no contexto das loitas entre os Habsburgo e os Borbóns para impoñer a súa hexemonía, a Guerra dos Trinta anos e unha profunda e longa depresión económica que afecta a todos os sectores da economía.

Este contexto de conflitos, fame e miseria ten espacial importancia para a evolución da arte, o auxe das tendencias absolutistas na forma de exercer o poder: os Papas usan a arte para revalorizar o catolicismo contrarreformista e reafirmar o seu propio poder; os monarcas reforman palacios e as grandes capitais fortalecendo a súa imaxe de poder.


O nacemento do Barroco atópase en Roma, desde onde se difundirá con rapidez a toda Italia e logo ao resto de Europa. Pódese considerar que ten certo elemento propagandístico posto que se asocia aos valores da Contrarreforma e o absolutismo. En canto ás características no ámbito da pintura chama a atención o abandono do equilibrio renacentista para centrarse na expresividade e o dramatismo; o protagonismo das composicións abertas e o movemento; o uso do cromatismo e a pincelada deixando o debuxo en segundo plano; o impacto do contraste lumínico; da man do anterior o desenvolvemento do tenebrismo e a perspectiva aérea...

Á hora de indagar na pintura barroca hai que resaltar a multiplicación de temas. Ademais dos relixiosos que seguen as pautas da Contrarreforma nun ton moralizante e conmovedor; aparece a pintura de xénero, as escenas intimistas de interior, o bodegón, o retrato, a paisaxe..Hai unha clara diferenza entre a Europa protestante e a católica na selección dos temas. A hexemonía lumínica do Renacemento da paso agora ao claroescuro e o tenebrismo. As composicións son dinámicas, con predominio do desequilibrio. Son habituais os escorzos, a multiplicación de planos, a perspectiva aérea...

A principios do século XVII aparece en Italia a ruptura coa artificiosidade da pintura manierista anterior. Esta nova tendencia, o Barroco, é introducido co tenebrismo de **Caravaggio**. As novidades do procedemento tenebrista interesaron enormemente a toda unha xeración de artistas europeos e son raros os pintores da primeira metade do XVII que non teñen unha etapa tenebrista na súa pintura. **Caravaggio** será o creador e o artista máis importante desta corrente. Prototipo de artista independente e rebelde, achega a relixión ao pobo convertendo aos santos e aos personaxes do Evanxeo en homes de carne e óso. A Contrarreforma aceptou en principio a idea con interese pero algúns sectores non dubidaron en cualificalo de irreverente acusándoo de falta de respecto cara o catolicismo. Podemos ver todas estas características en obras como a **Vocación de San Mateo** (1601), que fixo para a igrexa de San Luis dos Franceses. Os modelos son vulgares, a escena cotiá e os xogos de luces e sombras moi violentos como sucede na maioría das obras do autor. Caravaggio utiliza unha gama cromática reducida, pero no que a luz fai destacar os vermellos e amarelos, tratado ao modo veneciano. Outras obras do autor, onde se aprecian eses fortes contrastes, dinamismo e xestualidade son a **Cea de Emaús**, **A morte da Virxe** ou **a Crucifixión de San Pedro**.



A morte da Virxe



Judit matando a Holofernes

De entre os seguidores do artista destaca **Artemisia Gentileschi**, unha das poucas mulleres pintoras que chegou a facerse un nome e unha reputación artística reseñable nesta época. Nas súas obras é frecuente a representación de mártires e grandes figuras femininas, como Judit, Susana ou Lucrecia. **Judit decapitando a Holofernes** considérase a súa obra cume. A figura de Judit preséntase como a dunha heroína activa, que salva ao pobo de Israel das mans de Holofernes. Quere presentarse á muller como un ser cheo de fortaleza e determinación, exercendo un papel totalmente activo na acción.

Na primeira metade do s. XVII desenvólvese a chamada Escola de Boloña, representada pola familia **Carracci** (Annibale principalmente pero tamén o seu irmán Agostino e o seu curmán Ludovico) e outros autores como **Guido Reni**. Estes desenvolverán unha liña que se opón ao estilo de Caravaggio, seguindo a senda dun clasicismo idealista e puro, e que terá os seus mellores seguidores entre os pintores franceses. Ambas as tendencias constitúen dúas formas distintas de enfrontarse ao Manierismo contra o que se reacciona por cansazo, neste caso coa recuperación dos postulados do Cinquecento. As súas características vense na que se considera unha das súas obras máis relevantes, o **Triunfo de Baco e Ariadna** (1597-1600), pintada para decorar os frescos do Palacio Farnesio, como parte dun ciclo de pinturas que forma un gran programa iconográfico mitolóxico sobre os amores dos Deuses, dunha magnitude e cunha organización das escenas que nos lembra á Capela Sixtina de Miguel Anxo. De feito as figuras recordan ás miguelanxeas e o colorido a Tiziano.



Triunfo de Baco e Ariadna

A pintura barroca italiana segue as pautas dos Carracci e evoluciona na segunda metade do S. XVII cara a unha tendencia eminentemente decorativa onde desenvolve gran teatralidade escénica. Este ilusionismo pictórico será unha moda crecente que enlazará co sentido igualmente decorativo da pintura rococó do s. XVIII. Entre estes pintores ilusionistas destaca en primeiro termo a obra de **Pietro de Cortona**, que é quen inicia este movemento coa súa decoración do **Palacio Barberini** en Roma. Segue o seu camiño **Giovanni Battista Gaulli (Il Baciccio)**, que decora a **Igrexa de Il Gesù**, en Roma. Nos frescos desta igrexa vemos á perfección as características tanto do autor como desta tendencia decorativa da pintura barroca italiana: a realización de frescos espectaculares de perspectivas grandiosas, crean arquitecturas finxidas moi detalladas no que domina a técnica do *trompe l'oeil* ou enganaollos.



Triunfo do nome de Xesús Na igrexa de Il Gesù

En Francia destaca unha pintura académica, de carácter clasicista inspirada polo Renacemento e a pintura boloñesa, que terá como representante máis importante a **Nicolas Poussin**, aínda que tamén haberá excepcións como a de **Georges de la Tour**, cunha obra que parte do tenebrismo con pinturas que utilizan fontes de luz natural moi contrastadas para deseñar escenas relixiosas de gran intimidade. Pero os focos máis importantes será o flamengo e o neerlandés. Na pintura flamenga destaca sobre todos os demais a figura de **Rubens**, con obras cheas de movemento e axitación; de esaxeración cromática; de voluptuosidade nas formas; de dramatización expresiva; de complexas composicións, marcadas polas súas liñas diagonais e curvas serpentinas; e de grosas anatomías, esaxeradas tamén na súa corpulencia de carnes brandas. Rubens



O rapto das fillas de Leucipo

terá unha produción absolutamente inxente, non só de obras propias, senón coas obras do seu taller, demandadas por gran parte das Cortes europeas do momento, na que destacan obras como **O descenso de Cristo, As tres Gracias, ou Saturno devorando o seu fillo**. Podemos ver as súas características nunha obra como o **Rapto das fillas de Leucipo (1619)**. O cadro é un excelente exemplo de plástica barroca: pola súa dramatización da escena; a súa composición tremendamente dinámica; e esa voluptuosidade formal tan característica dos cadros de Rubens. Neste sentido hai que destacar especialmente a importancia da composición: do centro do cadro establecido no punto de contacto dos corpos de ambas as irmás, xorden dúas liñas curvas diverxentes a partir das cales se multiplican cara aos ángulos do lenzo unha infinidade de liñas abertas e diagonais, que abren a composición ao infinito, pero dunha forma ademais violentamente axitada e dinámica.

No foco neerlandés temos unha pintura de características particulares, xa que despois da independencia das Provincias Unidas estas convertíranse nun foco relixioso calvinista e nunha sociedade con gran importancia do comercio que dará lugar a unha floreciente burguesía e unha explosión de encargos pictóricos. Así, escasean os cadros relixiosos (xa que as igrexas se baleiran da decoración pictórica) e crecen en importancia xéneros como a pintura de historia, a pintura de escenas de interiores cotiáns, os retratos individuais ou grupais (doelen) ou os bodegóns e paisaxes. Así mesmo, a pintura non terá o esplendor e exuberancia decorativa do barroco italiano, senón que apostará por un detallismo e realismo que entronca coa tradición da pintura dos primitivos flamengos. Nesta escola destacan autores como **Vermeer** ou **Frans Hals**, pero nós detérmolos na figura de **Rembrandt**. A pintura de **Rembrandt** alcanza unha categoría e personalidade extraordinarias. Destaca nel a técnica excelente e a fondura psicolóxica dos seus personaxes, que dan vida plena á maioría das súas obras. Non é de estrañar por iso que fose un consumado retratista tanto en retratos individuais como colectivos. A súa obra sofre unha marcada evolución, pasando da suavidade dos seus inicios a un período final onde a súa pintura adquire un carácter rugoso e pastoso cunha pincelada que se volve moito máis tosca e libre e no que o obxecto adquire unhas características practicamente táctiles e os xogos de luces e sombras fan que as súas obras se enchan de atmosfera. Podemos destacar entre as súas obras a **Lección de Anatomía do dr. Tulp** ou o **Boi esfolado**, pero detémonos na súa obra máis célebre, a **Rolda de Noite (1642)**

Estes artigos son unha guía. Sobreosan as palabras prescritas pola CIUG tendo en conta que ao enfrentarse a un exame con todo o temario sempre se esquecen certas cousas.

Tedes que plasmar os vosos coñecementos (vocabulario artístico, artistas, obras...) pero é un artigo divulgativo polo que a redacción ten que axustarse a ese obxectivo (non esquematicedes ou poñades simplemente "listas" de referentes ou conceptos).